O goberno español tense manifestado en liña coas argumentacións da UE. Non entanto, a súa posición resulta pouco convincente cando, por outra parte, é el mesmo quen inclúe no Plan de Recuperación remitido recentemente a Bruxelas unha serie de medidas fiscais que, baixo o paraugas da mellora dos obxectivos de cara ao cambio climático, tamén terían unha grave incidencia en distintos sectores económicos, nomeadamente no sector pesqueiro e no conxunto da actividade que leva a cabo.

Os chamados “impostos verdes” servirían, entre outras cousas, para igualar o prezo do diésel ao da gasolina, unha medida que o goberno do Estado xa tiña prevista para os orzamentos de 2021 e que finalmente non incluíu.

Estamos pois diante dunha serie de accións que, de levarse a cabo, supoñerían un duro golpe para o sector do mar, nomeadamente para a frota de baixura, outro máis que habería que engadir aos que xa se vén vendo sometida dende hai anos e que farían definitivamente inviábel o mantemento da actividade en moitos casos.

Ao noso entender, Galiza non pode seguir permitíndose actuacións deste tipo que aboquen paulatinamente a unha das principais frotas da UE á súa desaparición e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dende a Xunta débese defender con firmeza a un sector que proporciona miles de postos de traballo directos e indirectos e que é sostíbel medioambientalmente. Máis unha vez hai que facer chegar a todas as institucións que as medidas que se pretenden non están a ter en conta as consecuencias económicas pero, sobre todo, sociais que traerían aparelladas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten levado, e vai levar a cabo no futuro, a Xunta de Galiza para evitar que a frota pesqueira galega se vexa afectada pola previsíbel eliminación de exencións fiscais e polo incremento do combustíbel?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 24/05/2021 12:32:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 24/05/2021 12:32:06

Daniel Castro García na data 24/05/2021 12:32:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar ante a presenza cada vez maior do visón americano en augas do río Sil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O río Sil, que discorre a provincia de Ourense desde terras de Valdeorras até a súa desembocadura no Miño nos Peares, constitúe xunto a este último a principal bacía hídrica do noso país. Vencellada a el existe e convive unha biodiversidade conformada por especies vexetais e animais que contribúen ao equilibrio climático e ecosistémico do noso país.

Non contexto no que os ecosistemas están tan absolutamente influenciados e deteriorados pola presenza do ser humano a existencia de calquera especie invasora incide no enfeblecemento dese equilibrio xa precario.

Que define a unha especie invasora?

As especies exóticas invasoras son aquelas que representan algún perigo para a diversidade biolóxica autóctona, ben sexa polo seu comportamento invasor ou polo risco de contaminación xenética, tal e como recolle a Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e de Biodiversidade e refrendou a modificación desta mesma a través da Lei 7/2018 de 20 de Xullo.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza ten deseñado, en base a esta lexislación, un Plan Estratéxico de Xestión das Especies Invasoras e para o desenvolvemento dun sistema estandarizado de Análise de Riscos para especies invasoras en Galiza.

A ficha desta especie nese plan estratéxico fíxose en decembro de 2011 e xa naquel momento estableceíase o seu nivel de risco con **alto** e a factibilidade do seu control como **media**.

De feito, xa en 2009, o Servizo de Conservación da Biodiversidade da DX de Conservación da Natureza, daquela dentro da Consellaría do Medio Rural, realizou un documento de “Elaboración e Implantación de Medidas de Control do Visón Americano en Galiza”.

Ao tempo, vai xa bastantes anos que as expertas están a alertar de que, de todas as especies animais invasoras que afectan ao noso país, o visón americano é o máis preocupante de todos. Este mamífero está a poboar numerosas bacías e a día de hoxe, transcorrido todo este tempo, conta con poboacións totalmente establecidas.

Se até fai un catro ou cinco anos podíamos certificar a súa abundancia no río Miño e no Limia, hoxe a súa presenza no río Sil é cada vez máis numerosa e está a poñer en perigo tanto o sistema acuático como o terrestre deste río, xa que devora peixes, mais tamén anfibios e aves.

Deste xeito, e ante a grave problemática derivada da presenza cada vez maior deste animal en augas do Sil, na comunidade autónoma de Castela e León a Junta ten posto en marcha unha campaña específica de loita contra esta especie agresiva que se ten feito dona do río e que cada vez se sinte máis segura na súa contorna sen que na nosa comunidade se teñan tomado medidas similares.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso non podemos esquecer que a presenza desta do *Neovison vison* en Galiza está moito máis estendida na franxa atlántica cunha presenza que se ten documentado até no Parque Nacional das Illas Atlánticas, sen que as medidas que se teñen tomado até o de agora se teñan demostrado o suficientemente eficaces para controlar a súa expansión.

Máis importante se cabe se ten demostrado a necesidade de erradicación deste mustélido en Galiza despois de que diversos estudos científicos teñan demostrado que, ademais de ser portador da COVID-19, pode transmitirla aos seres humanos polo proceso de zoonosis. Ademais tense demostrado que a variante de coronavirus que transmite é a máis contaxiosa e por iso estados como Holanda ou Dinamarca, que detectaron gromos de COVID relacionados co visón, tomasen a decisión de sacrificar a millóns deles para evitar a propagación do virus.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten pensado a Consellaría do Medio Ambiente poñer en marcha un Plan Específico de contención e redución da poboación de visón americano en Galiza ben dotado orzamentariamente?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 25/05/2021 12:57:25

Xosé Luis Bará Torres na data 25/05/2021 12:57:28



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Consello de Contas vén de facer público o Informe de Fiscalización selectiva da Deputación provincial de Ourense correspondente o exercicio 2018. Un informe absolutamente demoledor que amosa que o nepotismo, o clientelismo e a dedocracia son os sinais de identidade da Deputación de Ourense.

Dende o PSdeG de Ourense levamos anos denunciando - practicamente en solitario - que a Deputación de Ourense non é máis que un instrumento ao servizo dos intereses do Partido Popular, utilizada como unha auténtica empresa de colocación en favor dos militantes e afíns a ese partido político, un entramado político- económico do que se benefician cuantos rodean o seu presidente e que está moi lonxe de ser unha Administración democrática ao servizo dos intereses do conxunto.

E foron os socialistas ourensáns quen en febreiro do 2020 puxeron en mans do Consello de Contas a documentación que acredita todo o órgano fiscalizar reflexa no seu informe.

Un labor de oposición – practicamente en solitario -intensa e longa no tempo que ten sido rebatida polo Baltarismo con todo tipo de contra -campañas, empregando toda a súa rede de poder – mediática, política e institucional - para descualificar e difamar os compañeiros socialistas que están na defensa dos intereses xerais e na denuncia dos desmans practicados a través desta institución.

O informe do Consello de Contas non amosa outra cousa que un absoluto descontrol por parte da Deputación de Ourense no manexo dos recursos públicos e a pervivencia in-temporal do caciquismo e do clientelismo como xeito de tutelar a política na provincia de Ourense.

Unha provincia que perdeu 27.000 habitantes nos derradeiros dez anos, con 10 mil pensionistas máis que cotizantes e onde moitas comarcas perderán cerca do 25 % da súa poboación nos próximos 15 anos segundo reflexa o Instituto Galego



de Estatística. A segunda provincia con peores datos socio- económicos de España.

O informe sobre as finanzas do 2018 da Deputación Ourense revela un xeito de facelas cousas ao marxe da lei de xeito sistemático: millóns en créditos non orzamentados, facturas fóra de prazo, subvenciones sen control e contratos a dedo, na súa maioría para cinco empresas privilexiadas.

O Informe do Consello de Contas indica “*a Deputación de Ourense non cumpriu co prazo establecido para a rendición da conta xeral que ademais presenta defectos graves que impiden considerala como conta rendida...*”. Os defectos “*son de tal magnitude que impiden considerala como rendida, especialmente no relativo á información relativa aos organismos autónomos da Deputación*”. Ou o que é o mesmo, a Deputación de Ourense remitiu ao Consello de Contas un Informe con aparencia de contabilidade que en ningún caso pode ser considerada como tal. Un informe ademais fóra de prazo.

O órgano fiscalizador sinala ademais que durante o exercicio de 2018 e tamén en exercicios anteriores se produciron modificacións de crédito por importe aproximado de 30 millóns de euros o cal evidencia que os orzamentos aprobados repetidamente nesa institución nada teñen que ver co destino final dos cartos, feito este que dende o grupo provincial socialista se leva denunciando ano tras ano.

A maiores o Consello de Contas acredita graves anomalías no pago de facturas fóra da anualidade (recoñecementos extraxudiciais) sen conformar o correspondente expediente, ou falla de providións orzamentarias diante de reclamacións xudiciais ou mesmamente a inexistencia dun inventario de bens debidamente formado que permita coñecer aqueles que son de propiedade pública.

Pero por si algo se destaca o nepotismo imperante na Deputación de Ourense é pola asignación a dedo das subvencións e dos contratos. O 84 % das subvencións de diñeiro público foron outorgadas incumprindo os principios de publicidade e transparencia que require a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Oito de cada dez contratos formalizados pola Deputación de Ourense foron contratos menores, é dicir contratos outorgados a dedo, sen publicidade e sen concorrencia competitiva. E dentro do ámbito dos contratos menores o 70 % dos



mesmos foron adxudicados a solo cinco empresas, empresas, nalgúns casos, ligadas a alcaldes e cargos do PP de Ourense.

Contratos licitados a través de mesas de contratación onde o Consello de Contas pon en dúbida a imparcialidade dos seus membros ao non constar declaracións asinadas de ausencia de conflito de intereses.

Todo isto aderezado coa pervivencia dun réxime secular de contratación de persoal caracterizado polo enchufismo, onde o 71 % do cadro de persoal da Deputación é persoal laboral e onde a inmensa maioría se corresponde con familiares directos de cargos do PP, de hoxe e de antano. Un persoal que ademais vese gratificado de xeito extraordinario a vontade da Presidencia, sen a máis mínima regulación a respecto dos incentivos que se aboan, nin a máis mínimo control sobre a existencia de conflito de intereses.

Estes son algúns dos datos que se desprenden do informe do Consello de Contas sobre a contabilidade de la Deputación de Ourense en 2018.

O documento constata "defectos graves" que "impiden considerar as contas remitidas pola Deputación como conta rendida e pon o foco en que a institución provincial optou por vías distintas a da concorrência competitiva a hora de entregar no exercicio 2018 a maior parte dos contratos e subvencións.

En conclusión, o Informe revela que a Deputación de Ourense é de todo menos unha institución democrática. Dende logo nada que ver coa máis mínima "transparencia", esa que dá que o Sr. presidente desta institución alardea nos medios de comunicación e que non é mais que un exercicio continuado de publicidade e propaganda pagada con fondos públicos.

Diante desta situación dende o Grupo Parlamentario do Socialista esiximos a Xunta de Galicia unha reacción inmediata. O Goberno galego debe pronunciarse a respecto do modelo implantado na deputación e velar pola boa administración dos recursos públicos, en tanto en canto esta institución se nutre fundamentalmente de transferencias correntes (3/4 partes do total do orzamento), provenientes con carácter principal do Estado (o 97 % da totalidade das transferencias), pero tamén de transferencias da Xunta de Galicia e, por suposto, dos ingresos derivados da participación na recadación de tributos cedidos (especialmente IRPF e IVA).



O presidente da Xunta de Galicia non pode mirar para outro lado, permitindo pactos de goberno “letais“ na terceira cidade de Galicia a cambio de manter unha estrutura de poder clientelar e caciquil a través da Deputación de Ourense unicamente para garantir votos electorais.

Considera a Xunta de Galicia que a Deputación de Ourense debера establecer un Plan Único de Cooperación cos concellos para o reparto dos fondos públicos de acordo con criterios de equidade, obxectividade e xustiza ao igual que ocorre no resto das deputacións do país.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a Deputación de Ourense debера establecer un Plan Único de Cooperación cos concellos para o reparto dos fondos públicos de acordo con criterios de equidade, obxectividade e xustiza ao igual que ocorre no resto das deputacións do país?

Pazo do Parlamento, 24 de maio do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Paloma Castro Rey
Pablo Aranguena Fernández
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/05/2021 13:17:23

Marina Ortega Otero na data 25/05/2021 13:17:32

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/05/2021 13:17:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/05/2021 13:17:50





Paloma Castro Rey na data 25/05/2021 13:18:01

Pablo Arangüena Fernández na data 25/05/2021 13:18:08



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A opacidade do Sergas e a Consellería de Sanidade é un hábito constante repetido durante anos, como constata o Consello de Contas que avalía os orzamentos autonómicos e que considera que non existe información clara como para facer unha fiscalización correcta. A pesares desta avaliación, como doutras advertencias sobre opacidade, e aos problemas continuados para o acceso á información por parte de entidades ou incluso a vulneración de dereitos de deputados/as sobre o acceso á información, non ten cambiado a actitude xeral e a transparencia do Sergas no acceso á información.

Nesta tendencia á opacidade, o Sergas ven de verse involucrado nun problema serio nos seus proxectos do chamado Hospital 2050. Algún dos contratos vinculados a este proxecto ven de ser sancionado pola Comisión Nacional dos Mercado e a Competencia, por amaño en contratos e pactos entre empresas para facilitar a resolución favorable a algunha delas no contrato co Sergas. Este amaño consistiu en pactar as distintas ofertas sobre un concurso, que se saiba por agora, para que a resolución fose en favor dunha delas por cumprir mellor os criterios deste concurso.

Este proceso debера ter respondido aos criterios de transparencia e honesta competitividade, máis todo apunta a que o Sergas non garantiu este feito, véndose agora manchado pola investigación levada a cabo pola CNMC.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como explica o Goberno galego a existencia deste procedemento nos concursos que convocou sobre os proxectos referidos ao Hospital 2050?

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2021 16:56:28
Nº Rexistro: 16487
Data envío: 25/05/2021 16:56:28.709

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/05/2021 16:54:04

Marina Ortega Otero na data 25/05/2021 16:54:14

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGwiQXEmRiX4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Marina Ortega Otero, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O artigo 36 da Lei 7/1985, reguladora de bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, no mesmo sentido, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 109 establece como competencias propias das deputacións provinciais *“Coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e axeitada de servizos públicos en todo o territorio da provincia, cooperando, especialmente, cos municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes para garantir a súa efectividade; prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión; prestar os servizos públicos de carácter supramunicipal e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”*.

A Lei de administración local de Galicia, no mesmo Capítulo III establece que as deputacións aprobarán anualmente un plan provincial de cooperación de obras e servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración deberán participar os concellos da provincia, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos, así como sobre os criterios de distribución dos fondos, e o artigo 112 recolle literalmente que *“Para acadar unha eficaz coordinación dos investimentos públicos no territorio galego, os programas de cooperación económica coas entidades locais que elaboren as deputacións provinciais, calquera que sexa a súa denominación e natureza, serán postos, antes da súa aprobación, en coñecemento da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local”*.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Ten coñecemento a Xunta de Galicia dos programas de cooperación económica coas entidades locais elaborados polas catro deputacións galegas?

Pazo do Parlamento, 25 de maio de 2021





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/05/2021 17:29:58

Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/05/2021 17:30:13

Marina Ortega Otero na data 25/05/2021 17:30:26

Paloma Castro Rey na data 25/05/2021 17:30:41

Pablo Arangüena Fernández na data 25/05/2021 17:31:32



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, María Elena Suárez Sarmiento, Encarnación Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e María Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do artigo 152 e concordantes do regulamento da cámara presentan a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

O Centro Dramático Galego, a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, iniciou a súa traxectoria no ano 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega.

Nestes máis de 30 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro seguiron varias direccións, desde a recuperación de autores do noso teatro ata a incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramático universal, pasando pola promoción do teatro infantil ou a proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O Centro Dramático Galego encárgase, ademais, da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos, ademais de elaborar unha programación escénica e musical continuada.

Nesta temporada, o Centro Dramático Galego continúa a traballar co obxectivo de reforzar o seu papel como motor escénico galego a partir da crise sanitaria. Este ano estrearanse tres producións propias a partir de textos de autoría galega e creación contemporánea: *O charco de Ulises*, *Terceiro acto* e *Serva me, servabo te*.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Polo Exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Cal é o balance que realiza a Xunta de Galicia do funcionamento do Centro Dramático Galego especialmente no actual contexto pandémico?

Santiago de Compostela, 26 maio 2021.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 26/05/2021 10:43:30

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/05/2021 10:43:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/05/2021 10:43:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/05/2021 10:44:09

José Luis Ferro Iglesias na data 26/05/2021 10:44:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/05/2021 10:44:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/05/2021 10:44:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPGwiQXEmRIX4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Tras máis dun ano dende o inicio da pandemia motivada polo coronavirus, COVID-19, e coa vacinación en curso, é o momento de valorar certas cuestións para os colectivos máis vulnerables.

Ao longo do ano que levamos de pandemia, dende moitos sectores tiveron que facer fronte as propias restricións necesarias para a contención do virus, o cal ten inevitablemente uns sobrecustos asociados.

En concreto, a existencia na Comunidade Autónoma de Galicia dun elevado número de entidades de iniciativa social que desenvolven actividades esenciais e que, en moi boa medida, suplen as deficiencias de cobertura que a propia Xunta de Galicia debера proporcionar, da boa proba da necesidade de prestar a necesaria cobertura plena ás necesidades que presentan.. As 37 entidades de iniciativa social con máis de 95 centros e 4500 usuarios xunto a 1500 profesionais do sector que atenden aos usuarios, cumpriron estritamente as restricións e medidas que a propia Administración ordenou, o que implicou uns sobrecustos moi elevados para as mesmas. De feito a incidencia nestes centros por Covid-19 foi significativamente baixa.

A Consellería de Política Social ten que dar resposta a estas entidades que ofrecen servizos directos que, como se dixo, deberan ser prestados pola da propia consellería. É polo tanto unha responsabilidade que ten que asumir, partindo do feito de que xa ten a información e petición desta demanda e aínda non aportou resposta dende principios de abril.

Dende o Grupo Socialista instamos á Consellería de Política Social a dar resposta urxente a estas entidades de iniciativa social, e acceder canto antes á petición das mesmas a través dunha reunión para abordar esta problemática que afecta ao traballo destas entidades.



Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Ten pensado a Consellería de Política Social reunirse coas entidades de iniciativa social que prestan servizos sociais en Galicia, para abordar a problemática dos sobrecustos derivados das medidas que se adoptaron para facer fronte á COVID-19?

Pazo do Parlamento, 24 de maio de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 26/05/2021 12:24:42

Julio Torrado Quintela na data 26/05/2021 12:24:54



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No concello da Guarda non hai médicos de familia suficientes para atender á poboación e esta situación leva máis dun ano sen solución, o que prexudica a atención e a oferta asistencial da súa veciñanza. A non cobertura de ausencias, ben sexa por baixas, vacacións ou xubilacións, deriva nunha saturación profunda dos e das profesionais. A Consellería de Sanidade non repoñe profesionais, vendo os/as facultativos como deben asumir o volume das súas consultas e daquelas que non teñen no día concreto profesional que as atenda.

O Centro de Saúde da Guarda está en situación de colapso con só a metade do persoal habitual de médicos dispoñibles, 4 dun total de 8 e no mes de outubro incluso estiveron só 3 facultativos. A saturación do persoal é extrema porque ten que dar cobertura a súa axenda e agora tamén comunicar os resultados das PCR que se realizan. A todo isto hai que sumar o control dos casos sospeitosos de Covid-19 dos colexios.

Este problema causou moito malestar entre a cidadanía que leva demandando unha solución ao problema desde fai tempo. Existiron, incluso, diversos procesos de mobilización, entre os que consta unha recollida de sinaturas iniciada por veciños que chegou ás 2.500 sinaturas. A maiores o 30 de outubro do ano pasado houbo un acordo da Corporación municipal da Guarda demandando abrir un proceso de recuperación dos profesionais perdidos nos últimos anos, especialmente en atención primaria, garantindo a cobertura e substitución dos profesionais dos centros de saúde.

En pediatría tampouco hai tregua. Agora son dous pediatras na Guarda, pero en setembro só estivo unha e a outra praza non se cubriu ata abril. E acaba de quedar de baixa a pediatra que atende ós nenos e nenas do Rosal e Oia, polo tanto teñen que cubrir o servizo de pediatría destes cativos e cativas.

A mala situación da sanidade na Guarda afecta tamén a inexistencia dunha ambulancia medicalizada na zona, unha vella demanda que aínda segue sen cumprirse.



O pasado mes de novembro o noso grupo Parlamentario levou á Comisión 5ª o gran problema das carencias que tiña o Centro de Saúde da Guarda. Despois de seis meses o problema segue sen solución, cando na propia Comisión 5ª o xerente do Sergas, o Sr. Flores, dixo que na seguinte semana o problema estaría resolto incorporando máis facultativos ó Centro de Saúde da Guarda. O único que fixo a Consellería de Sanidade é poñer un médico pola tarde no PAC. Esta medida non resolve o problema, xa que este centro de saúde segue sen médicos polas tardes, polo tanto os veciños e veciñas desta vila non teñen consultas ordinarias na quenda de tarde.

Os e as profesionais da medicina piden de maneira urxente unha solución, así como a veciñanza da Guarda e o seu alcalde e xa falan dun problema de saúde pública derivado da falta de profesionais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a cubrir as prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde da Guarda, incluíndo o servizo de pediatría?

Pazo do Parlamento, 25 de maio do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/05/2021 12:14:51

Julio Torrado Quintela na data 26/05/2021 12:14:57

Marina Ortega Otero na data 26/05/2021 12:15:04



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O Concello de Vigo está a traballar no proxecto dunha nova estación de tratamento de auga Potable (ETAP) para a área de Vigo e así poder dar subministro de auga para os próximos 50 anos.

Para a construción da ETAP do Casal é necesario un informe da Consellería de Sanidade. Dende o 30 de marzo de 2020 o Goberno municipal vigués está á espera dese informe vinculante da Consellería de Sanidade.

Segundo o Real decreto 140/2003, que establece os criterios sanitarios para a calidade da auga de consumo humano, establece no artigo 13:

En calquera proxecto de construción dunha nova captación, conducción, ETAP, rede de abastecemento ou rede de distribución (cunha lonxitude superior a 500 metros), depósito de rede, distribución ou remodelación do existente, a autoridade sanitaria elaborará un informe sanitario vinculante, no prazo de dous meses despois da presentación da documentación polo xestor.

O 30 de marzo de 2020, o Concello de Vigo envía á Consellería de Sanidade unha solicitude dun informe vinculante cunha impresión do proxecto, co contido indicado na "Guía para a emisión dun informe sanitario sobre o proxecto de construción de novos subministros ou infraestrutura de auga do Ministerio de Sanidade "

O 6 de xullo de 2020, a Consellería de Sanidade require un proxecto completo da ETAP do Casal ó Concello de Vigo. Tendo en conta que os prazos administrativos foron suspendidos ata o 1 de xuño de 2020 debido ao estado de alarma, o 20 de xullo de 2020 a administración municipal envía o proxecto completo.



O 10 de novembro de 2020, Sanidade require documentación complementaria ao proxecto entregado o 20 de xullo. Contestando despois de 4 meses. O 10 de decembro de 2020, o Concello de Vigo envía unha resposta coa documentación requirida.

O 4 de marzo de 2021, a Consellería de Sanidade require documentación complementaria, a corrección da documentación do proxecto entregado e unha nova versión do proxecto que inclúa os cambios. Tardando 3 meses responder.

O 18 de marzo deste ano o Concello vigués envía á Consellería de Sanidade a documentación requirida. A resposta envíase dentro dos 15 días hábiles solicitados. O goberno municipal a día de hoxe está á espera dunha resposta por parte desta consellería.

A Xunta de Galicia non só non axilizan a emisión do informe sanitario vinculante, senón que nin tan sequera cumpren os prazos legais para responder a outra administración.

A construción dunha potabilizadora na cidade de Vigo é unha obra de interese supramunicipal, xa que abastece de auga potable a Cangas, Moaña e unha parte de Redondela.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Consellería de Sanidade a emitir de maneira urxente o informe sanitario vinculante para que o Concello de Vigo poda empezar coa construción da ETAP do Casal?

Pazo do Parlamento, 25 de maio do 2021

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/05/2021 12:19:38

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 26/05/2021 12:19:44





Julio Torrado Quintela na data 26/05/2021 12:19:53

Marina Ortega Otero na data 26/05/2021 12:20:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/05/2021 12:20:09

Patricia Otero Rodríguez na data 26/05/2021 12:20:20





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Xosé Luis Rivas Cruz e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a licitación pola vía da urxencia dun proceso para a contratación dun helicóptero de loita contra incendios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O luns 17 de maio (festivo neste país), a Consellaría do Medio Rural publicou no Diario Oficial da UE a convocatoria dun concurso contrato de servizos tramitado polo sistema de urxencia para o “Servizo integral de helicóptero lixeiro e brigada helitransportada destinados á defensa contra os incendios forestais durante os anos 2021, 2022 e 2023 (Expte 6/2021)”. Unha contratación que, debido ao procedemento de urxencia, pecha o prazo de presentación de ofertas o luns 31 de maio.

Este procedemento de urxencia reduce a 15 días o prazo para que as empresas lle presenten ofertas, o que limita considerabelmente a posibilidade de competencia entre elas, cuestión criticada polo Consello de Contas xa en contratos anteriores. A consellería non licitou o contrato ata agora malia que o helicóptero e a brigada a el asociada son parte dos medios necesarios recollidos no PLADIGA para o normal desenvolvemento da campaña anti-incendios e de defensa do monte.

Na documentación coa que convoca este concurso a propia Xunta sinala que “na actualidade, hai tres contratos de helicópteros de extinción con brigada en vigor” con distintos anos de execución. Dous deles teñen vixencia durante os anos 2020, 2021 e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2022, e o terceiro nos anos 2019, 2020, 2021 e 2022. Ese último contrato, para dous helicópteros e as súas brigadas, xa foi convocado pola Xunta en 2019 tamén no mes de maio, concretamente no día 29, ás portas do inicio da campaña. Naquel proceso, xa lanzada a licitación, Medio Rural reduciu o prazo de presentación de ofertas de 35 a 22 días alegando urxencia pola “imprevisibilidade” dos incendios. Finalmente, e de xeito paralelo á prórroga de contratos xa en vigor, ese novo contrato non foi formalizado até finais daquel ano.

Agora a Xunta considera urxente o contrato desde o comezo da súa licitación, o que lle permite reducir a só 15 días o prazo para que as posibles empresas interesadas lle presenten ofertas, que rematará o 31 de maio, comezando nese momento o proceso de avaliación e adxudicación que levará semanas rematar. E faino cunha memoria xustificativa na que considera que “a adxudicación deste contrato debe acelerarse por razóns de urxente e inaprazable necesidade” por tratarse de “servizos destinados á cobertura de medios necesarios para o normal desenvolvemento das funcións propias da Dirección Xeral de Defensa do Monte”. Será un helicóptero coas súa correspondente brigadas para prestar servizo durante 92 días ao ano en 2021, 2022 e 2023 por un total de algo máis dun millón de euros, pero prorrogable outros dous anos por outros 700.000 euros máis.

Este proceder non é unha novidade para a Consellaría do Medio Rural nos anos de goberno do PP. En anos anteriores o Consello de Contas xa ten criticado o seu proceder habitual demorando a convocatoria de concursos para renovar contratos de helicópteros e chegou a pedir á Xunta “un maior esforzo na procura dunha maior competencia entre empresas”.

O caso máis grave produciuse en 2012, cando o Goberno galego chegou a prorrogar a Inaer o servizo que xa que viña prestando en anos anteriores pero desa volta



sen ningún tipo de relación contractual polo medio. Así o censurara primeiro o Consello de Contas e acabou certificándoo finalmente en 2018 un xulgado, que pola contra considerou que ese proceder ilegal non chegara a ser delito e levantou a imputación por prevaricación que pesaba sobre o daquela director xeral de loita contra o lume, Tomás Fernández-Couto.

Agora, cun novo director xeral á fronte, Medio Rural segue agardando ata finais de maio para lanzar novamente outro proceso de contratación de helicópteros.

A forma de actuar da Xunta á hora de contratar helicópteros de todo tipo, sexan de salvamento marítimo, incendios ou sanitarios, vén facilitando que a empresa que opera a maioría deles (Babcock, antiga Inaer) siga a prestar moitos deses servizos con prórrogas ou mesmo sen contrato até que o Goberno galego decide convocar concursos de renovación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera vostede que o uso de procedementos de urxencia para a contratación de servizos que se repiten anualmente garante a igualdade dos posíbeis licitantes e a legalidade do proceso?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2021

Asdo.: **María González Albert**
Xosé Luis Rivas Cruz





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 26/05/2021 12:59:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/05/2021 12:59:22

María del Carmen Aira Díaz na data 26/05/2021 12:59:31



Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As escolas infantís son un entorno de desenvolvemento onde os nenos pasan unha gran parte da súa infancia e despregan relacións significativas que os axudan a medrar.

Dende que a Rede Europea da Atención á Primeira Infancia publicase en 1996 os seus compromisos de desenvolvemento dos servizos da primeira infancia co fin de garantir a igualdade de oportunidades para homes e mulleres desde o nacemento, abordáronse tanto os aspectos cualitativos como os cuantitativos destes servizos.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, e segundo a información da propia Consellería de Política Social, as escolas infantís da rede “A Galiña Azul” están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, tratándose dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega, ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral.

No caso do concello de Guitiriz este servizo non existe, pese á existencia dun elevado número de nenas e nenos que resultarían potenciais usuarios cos beneficios indiscutibles tanto para eles como para as súas familias. Así, e segundo datos do Instituto Galego de Estatística a día 28 de xaneiro de 2021, hai 24 nenas e nenos menores dun ano, 48 menores de 2 e 24 menores de 3, é dicir, 96 nenas e nenos que poderían beneficiarse deste servizo.

Recentemente, a alcaldesa deste concello presentou ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar un proxecto valorado en 478.766,75 euros para construír unha escola infantil de 0 a 3 anos con 3 unidades. Esta demanda, que xa acadara o compromiso de ser atendida no ano 2019, faise sobre a necesidade real de ampliar o actual Punto de Atención á Infancia (PAI) que ten só 20 prazas e unha ampla lista de agarda, consecuencia lóxica do número de potenciais usuarios e as prazas ofertadas.



O concello viuse obrigado a presentar este proxecto toda vez que dende que no ano 2019, no que os técnicos da Consellería de Política Social concluíron que o actual PAI non era ampliable e. polo tanto. era preciso construír un novo edificio, ningún avance se produciu.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego iniciar as actuacións necesarias, en diálogo co Goberno local do concello de Guitiriz, para resolver ese problema?

Pazo do Parlamento, 26 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/05/2021 11:53:21

Patricia Otero Rodríguez na data 26/05/2021 11:53:33

Marina Ortega Otero na data 26/05/2021 11:53:45



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero a asistencia xurídica inmediata e gratuíta en todos os procedementos, tanto xudiciais como administrativos, que teñan relación coa situación de violencia, incluso para formular a denuncia.

O Real decreto-lei 141/21, de 9 de marzo aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, que vén modificar o Real decreto anterior 3/2013, do 22 de febreiro, e regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, de conformidade co disposto na Lei 1/96 de 10 xaneiro, asistencia xurídica gratuíta.

Establecendo un marco de regulación e harmonización na materia sen prexuízo da posibilidade de desenvolver normativas específicas e máis restritivas nas comunidades autónomas con competencias transferidas.

Así en Galicia temos desenvolvido este dereito no Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, establecido por Decreto 134/2017, de 7 de decembro.

En toda a normativa anterior se regula o dereito da muller vítima de violencia de xénero, a ter asistencia xurídica e defensa con carácter gratuío independentemente da súa capacidade económica.

No artigo 30 deste regulamento autonómico establece uns requisitos complementarios para garantir a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero e de vítimas de trata de seres humanos, así como menores de idade e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental que sexan vítimas de situacións de abuso ou malos tratos como son que esta a leven a cabo avogados/as especializados/as.

Tamén establece a posibilidade de que as comunidades autónomas poidan regular o acceso aos servizos de asistencia xurídica gratuíta.



Ase mesmo, no artigo 32 establece que a asistencia ás vítimas nos procedementos penais de violencia de xénero, a prestará o mesmo avogado/a dende que se requira dita asistencia e ata a finalización do procedemento, abarcando ademais tódolos procesos penais, civís, contencioso-administrativo e sociais, así como procedementos administrativos, que teñan causa directa o indirecta na violencia padecida.

Este mesmo dereito asistirá tamén aos causahabientes en caso de falecemento da vítima.

Dende o Grupo Socialista entendemos que estas garantías non chegan. Os datos estatísticos dinos que o 80 % das mulleres asasinadas non tiñan denuncias previas, e polo tanto dende a administración é necesario seguir incrementando estas garantías que ofrezan as mulleres vítimas unha maior seguridade e confianza no sistema xudicial.

E por iso polo que formulamos esta iniciativa, na que solicitamos que dende a Xunta de Galicia, previo acordo no Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta, se establezan unha serie de medidas que van contribuír a mellorar esa protección á que a administración está obrigada, en concreto:

- Engadindo como requisito de obrigado cumprimento para os letrados que queiran acceder ou manterse na quenda especial de violencia de xénero, non ter sido condenado por sentenza firme por un delito de violencia de xénero.
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Señor Feijóo, vai tomar algunha medida para frear o espolio enerxético de Galiza, que ademais causa un grave dano ambiental?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2021 18:19:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione sobre as desigualdades salariais e laborais que se producen no conservatorio de Monforte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Monforte de Lemos conta cun conservatorio con dez docentes e atende a uns centenas e nenos da comarca. Alí seis das dez persoas traballadoras teñen un vínculo contractual co Concello de Monforte como persoal laboral fixo.

Das seis persoas con este vínculo, catro son mulleres e o seu contrato recolle que farán 30 horas lectivas á semana, das cales actualmente están cobrando unicamente 26, cuestión esta da que ten pleno coñecemento o goberno municipal. Isto provoca unha fenda salarial cos seus compañeiros varóns de 11.000€/ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

. Ten coñecemento a súa consellería de que en pleno século XXI na capital de Lemos existe un centro de traballo, dependente dunha administración pública, que mantén salarios moi inferiores para ás mulleres con respecto aos seus compañeiros varóns e que actuacións pensa levar adiante agora que xa ten coñecemento?

. Hai máis centros de traballo nas distintas provincias galegas nos que se poida estar dando esta situación?

. Será algún dependente da administración pública?

. Consideran vostedes que isto alcanza maior gravidade por ser a empregadora unha administración pública?

. Vai o goberno da Xunta actuar de xeito inmediato para que se repare o dano e se recupere a situación de legalidade?

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021

Asdo.: **Carme Aira Díaz**

Olalla Rodil Fernández

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 27/05/2021 09:59:24

Olalla Rodil Fernández na data 27/05/2021 10:00:28

Mercedes Queixas Zas na data 27/05/2021 10:00:40

Daniel Castro García na data 27/05/2021 10:01:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/05/2021 10:01:13



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, María Felisa Rodríguez Carrera, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Manuel Santos Costa, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique as actuacións e a colaboración cos concellos de Gondomar e de Baiona nun asunto de calado, tanto para a poboación, como para o territorio como para o medio ambiente, como é minimizar os riscos e as consecuencias das inundacións nestes dous municipios.

O contexto de cambio climático no que nos atopamos obriga a tomar medidas para estar preparados fronte a eventualidade de que se produzan episodios de seca, pero tamén para afrontar os episodios cada vez máis frecuentes de precipitacións intensas que poidan supoñer risco de inundacións.

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, e de xeito paralelo á posta en marcha do Plan de Xestión de Riscos de Inundación Galicia-Costa 2021-2027, está a desenvolver os plans específicos de xestión de inundacións en nove zonas fluviais que presentan un maior risco.

Trátase, en concreto, das contornas do río Umia, en Caldas de Reis e Portas; Ulla-Sar, en Padrón, Dodro, Rianxo, Rois, Catoira, Pontecesures e Valga; o Anllóns, en Carballo; Campeda, en Vimianzo; Fontecova e Trasposta, en Viveiro; Bahiña e o roba, en Baiona; e o Lagares, en Vigo.

Estes plans recollen medidas e actuacións paliativas e preventivas de aplicación polas distintas administracións, autonómica e local, para minimizar o risco de enchentes.

A Xunta de Galicia, de feito, vén de asinar dous convenios de colaboración neste eido cos Concellos de Baiona e de Gondomar.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións ten previsto acometer o Goberno galego, en colaboración cos Concellos de Gondomar e de Baiona, para minimizar o risco e os efectos das inundacións nestes dous municipios?

Santiago de Compostela, 27 de maio 2021.

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 27/05/2021 18:08:35

María Felisa Rodríguez Carrera na data 27/05/2021 18:08:52

Teresa Egerique Mosquera na data 27/05/2021 18:09:01

José Alberto Pazos Couñago na data 27/05/2021 18:09:10

Manuel Santos Costa na data 27/05/2021 18:09:17

Carmen María Pomar Tojo na data 27/05/2021 18:09:39

Ramón Carballo Páez na data 27/05/2021 18:09:49

José Manuel Balseiro Orol na data 27/05/2021 18:10:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



María Sol Díaz Mouteira na data 27/05/2021 18:10:15

Marta Nóvoa Iglesias na data 27/05/2021 18:10:26

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/05/2021 18:10:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre o bono de alugueiro social nos casos de mulleres en situación de violencia machista.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola importancia do asunto do que se trata que afecta a persoas extremadamente vulnerábeis e os seus dereitos..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero recolle nos seus artigos 44 e 45 o dereito de acceso á vivenda e acceso prioritario ás vivendas de promoción pública das mulleres en situación de violencia machista.

Neste senso, a Xunta de Galiza despregou, dentro do Programa do bono de alugueiro social, axudas específicas para vítimas de violencia de xénero.

Porén, ao Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego cóstanos que mulleres nesta situación están a atopar enormes dificultades para acceder a unha vivenda en aluguer mesmo sendo beneficiarias desta axuda pois, axencias e persoas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propietarias rexeitan alugarlles. Isto está a provocar que mulleres acaben alugando vivendas moi lonxe de garantir as condicións de habitabilidade mínima por non poder pagar un aluguer maior.

Dunha banda ese rexeitamento baséase na escasa contía do bono (entre 175€ e 225€ ao mes en función da localidade), unha cantidade que fica lonxe de cubrir o custe mensual do alugueiro. Doutra, na complexa situación económica na que se atopan moitas destas mulleres, sen ingresos estables. Todo isto serve ás axencias e propietarios/os para se negaren a garantir o acceso a un dereito, como a vivenda.

Porén, a situación agrávase pola falta de vivenda pública en Galiza. As cifras así o evidencian, tanto na enorme listaxe de agarda para acceder a unha vivenda de promoción pública como polo feito de adxudicárense apenas 5 en todo o ano 2020 a mulleres en situación de violencia machista.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

. É consciente a Xunta de Galiza do que está a acontecer co bono alugueiro social a vítimas de violencia machista?

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do número de mulleres en situación de violencia machista beneficiarias do bono alugueiro social que foron rexeitadas por axencias ou propietarios/as de vivenda?

. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para garantir o dereito a vivenda especialmente das mulleres en situación de violencia machista?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2021 10:01:32

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2021 10:01:41

Iria Carreira Pazos na data 28/05/2021 10:02:00

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2021 10:02:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector de automoción en Galiza é unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade está sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custos, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país.

As entidades públicas, como a Xunta de Galiza e o Goberno Central conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción. Cómpre, polo tanto, avaliar se o seu outorgamento está a repercutir positivamente no mantemento e creación de postos de emprego, así como da calidade dos mesmos, e en evitar a deslocalización da actividade produtiva.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que axudas foron outorgadas por parte da Xunta de Galiza desde o ano 2009 á actualidade á empresa Stellantis, antiga PSA Peugeot Citroen? Cantas? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

. Cantos convenios? De que tipo? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

. Cantas contratacións públicas obtivo esta empresa? Para que obxectivo? Con que contía? Con que mecanismos de avaliación e control?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 21/05/2021 09:51:33

Daniel Pérez López na data 21/05/2021 09:51:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/05/2021 09:51:52



A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece, como competencia propia da nosa comunidade, a promoción do emprego. Con este obxectivo, a Xunta de Galicia leva anos traballando para mellorar as condicións de empregabilidade das galegas e dos galegos, ao tempo que segue a impulsar medidas para fortalecer a súa inclusión social e laboral, especialmente entre aqueles colectivos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión social.

Para facer máis efectivo este mandato legal, o Goberno galego traballa cóbado con cóbado coas entidades locais a fin de ofrecer un apoio laboral de proximidade, especialmente para as persoas desempregadas. Ao abeiro desta premisa, a Xunta de Galicia acaba de poñer en marcha novas convocatorias de programas para fomentar a contratación nos concellos galegos.

Un exemplo desta liña de actuación é o programa Aprox Rural, dirixido ás persoas desempregadas para a realización de tarefas relacionadas, maioritariamente, coa prevención de incendios.

Por outra banda, destacamos as subvencións para á contratación de persoas perceptoras da Risga, dirixidas as entidades locais para a contratación temporal destas persoas co obxectivo de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral e por último, subliñar as axudas destinadas á realización de obras ou servizos de interese xeral ou social, que están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego, en colaboración coas entidades locais, a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. A canto ascende o investimento da Consellería de Emprego e Igualdade para apoiar a contratación de persoas sen emprego nos concellos galegos?
2. Cantos concellos poden solicitar as axudas? E cantas persoas se poderán beneficiar?



Santiago de Compostela, 21 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 21/05/2021 11:48:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/05/2021 11:49:10

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/05/2021 11:49:32

José Alberto Pazos Couñago na data 21/05/2021 11:49:44

Noelia Pérez López na data 21/05/2021 11:49:58

María Corina Porro Martínez na data 21/05/2021 11:50:20

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/05/2021 11:50:35

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/05/2021 11:50:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O 23 de febreiro de 2021, o conselleiro do Medio Rural anunciou unha suspensión temporal de novas plantacións de eucalipto, alí onde non se tiver plantado a dita especie no momento da suspensión, esta decisión que contradicía o establecido no Plan forestal que acababan de aprobar, non tivo explicación de ningún tipo, nin técnica nin económica.

A intención de levar a cabo a suspensión da plantación de eucalipto, foi ratificada polo presidente da Xunta de Galicia dous días despois, xustificando esta medida por unha aposta pola diversificación do monte e para frear o impacto desta especie. Ademais, dixo, que permitiría deter a caída constante e continua do prezo do metro cúbico da madeira procedente desta árbore. A dita suspensión anunciouse “en diferido” sen data concreta de aplicación, establecéndose como data inicial a aprobación da Lei de recuperación de terra agraria, que daquela iniciaba o proceso parlamentario.

Nesa mesma data publicouse a orde de modelos silvícolas e de xestión forestal, a adhesión a un destes modelos é obrigatoria para aqueles que desexen ter un aproveitamento madeireiro de carácter comercial, cando teñan terreos de 15 ou menos hectáreas de superficie. Nesta orde eliminábase o veto para a plantación de eucalipto na zona interior de Lugo, pero establecíanse distritos preferentes nos que non está a dita zona, e polo tanto, podían plantar *nitens*, sempre e cando sexa aprobado polos técnicos da administración.

A anunciada suspensión por parte do Goberno galego da plantación de novas superficies de eucalipto, alí onde non estivera plantado antes da moratoria, entrou en vigor este mes, nunha Galicia que segundo algunhas afirmacións podería ter na actualidade ata 600.000 Ha de eucalipto sen que os diferentes gobernos do Partido Popular tomasen ningunha medida eficaz



para que deixase de medrar exponencialmente a súa presenza no noso territorio, e quedará en vigor ata finais do ano 2025.

Dende o anuncio da moratoria ata a súa entrada en vigor, foron numerosas as chamadas de concellos de todo o noso territorio e numerosos veciños que nos informaron de que os viveiros de Galicia teñen esgotadas as plantas de eucalipto e que se están a facer cortas indiscriminadas de zonas de pino e outras especies por todo o noso territorio para plantar eucalipto antes de que comece a suspensión.

Esta situación estivo a incidir de xeito lamentable no mercado da madeira, cunha lamentable intervención no dito mercado por parte dun goberno que se di liberal e que tirou polo chan o prezo da madeira de pino e a economía de moitas familias nun momento de crise como o actual.

No texto da moratoria da plantación de eucalipto que incluía a Lei de Recuperación de Terra Agraria, establecíase que só estarán permitidas as repoboacións con especies do xénero *Eucalyptus* en determinados casos, entre os que figuraban as repoboacións previstas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal que fosen aprobados pola Administración forestal antes da entrada en vigor desta disposición, ou nos devanditos instrumentos cando a súa solicitude de aprobación atopácese en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, e que fosen, finalmente, obxecto de aprobación pola Administración forestal.

A empresa PLAFOR rexistrou para a Avaliación de Impacto Ambiental Simplificada un proxecto para os arredores da térmica das Pontes, que pretende por unha banda, aproveitar o potencial forestal da zona buscando un rendemento económico e, por outra, a xestión dos recursos forestais xa existentes na zona, este rexistro fíxose o pasado 26 de febreiro de 2021, é dicir, tres días despois de que o conselleiro do Medio Rural, anunciase no Parlamento galego a moratoria para este tipo de plantacións.

O proxecto previsto para os arredores da térmica das Pontes aglutina tres grandes zonas, a de maior extensión está ao norte do lago e as outras dúas, ao sur, lindeiros co antigo vertedoiro da mina. A especie elixida é o *eucalyptus nitens*, por medio de aplicación dun modelo silvícola intenso que culmine nun aproveitamento de madeira de calidade. A plantación ao



longo de 543 hectáreas –o equivalente a 760 campos de fútbol– divídese en dúas áreas, unha de reforestación en terreos que estiveron poboados ata épocas recentes que rolda as 210 hectáreas e outra baleira de 333 hectáreas.

Resultaba curiosa a inclusión da excepcionalidade na moratoria das repoboacións previstas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal que fosen aprobados pola Administración forestal antes da entrada en vigor desta disposición, ou nos devanditos instrumentos cando a súa solicitude de aprobación se atopase en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, e que fosen, finalmente, obxecto de aprobación pola Administración forestal, nunha moratoria “en diferido” e como vemos agora “á carta”, que fará que moitos cidadáns de toda Galicia non poderán ter a posibilidade de acceder a unha pequena renda pola plantación desta especie e por outra banda que se favorezan grandes proxectos de monocultivo de *nitens* coma este.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñecía o Goberno galego este proxecto antes de anunciar a moratoria da plantación de eucalipto realizada no debate do Parlamento sobre o Plan forestal?

2ª) Este é o modelo de monte multifuncional do Goberno galego? ¿Teñen previsto desenvolver unha verdadeira xestión forestal sostible, establecendo modelos de xestión forestal para todo o territorio. Así mesmo, a elaboración de instrumentos de xestión forestal para cada propietario ou xestor na que se combinen criterios de produción, sociais e ambientais, de xeito que todos os propietarios leven a cabo unha verdadeira xestión forestal sostible?

3ª) Cren que é de xustiza prohibirlle a moitos cidadáns galegos desenvolver pequenas plantacións desta especie en certas zonas de Galicia e deixarlle a outros que fagan monocultivos de 600 Ha? ¿Por que non desenvolven políticas para reequilibrar o noso territorio, establecendo plantacións de especies por todo o territorio galego, rompendo o monocultivo de certas especies nalgúns distritos e a imposibilidade de plantar estas mesmas especies noutros?





Pazo do Parlamento, 21 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 21/05/2021 11:59:40

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/05/2021 11:59:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2^a,** sobre as accións necesarias para a humanización e adecuación na estrada PO-551.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO-551, ao seu paso polo Concello de Moaña, é unha infraestrutura que percorre o concello pontevedrés na súa totalidade, constituíndo a estrada máis importante para a vila pola que circulan diariamente unha importante cantidade de veciñas e vehículos.

Esta estrada, de competencia autonómica, presenta unhas condicións de conservación moi deficientes, que supoñen un risco para a seguridade das persoas que circulan por unhas beirarrúas, en moitos casos ridículas en dimensións.

A falta de beirarrúas dunhas boas dimensión e o estado de deterioro dunha parte importante das mesmas, están a xerar malestar entre a veciñanza, que sinte inseguridade ao transitar por esta estrada PO-551 e apuntan riscos reais de caídas e accidentes.

Falamos pois de beirarrúas afundidas, rotas ou mesmo con buracos que deixan á vista tubaxe polas que é imposíbel transitar cunha cadeira de rodas ou cun carro de bebé, e onde as persoas con calquera tipo de dificultade na mobilidade están expostas a caídas e a accidentes.



Alén do estado no que se atopan as beirarrúas, debemos destacar unha imposíbel accesibilidade en grande parte do percorrido, o que fai que se obstaculice dun xeito notorio o uso das beirarrúas por parte de persoas que precisas cadeira de rodas ou con outros problemas de mobilidade.

Caso notábel é o estado no que se atopa a PO-551 ao seu paso pola parroquia de Meira, cun número de veciñas e veciños considerábel e que concentran unha parte importante dos desperfectos e eivas que presenta esta estrada autonómica.

Malia todo é necesario actuar tamén noutras parroquias, como a de Tirán e Domaio, as cales partillan os problemas de seguridade e accesibilidade nas beirarrúas.

É necesario, pois, unha remodelación completa desta estrada, que comprenda a humanización nos tramos máis urbanos, o arranxo das beirarrúas e melloras substanciais na accesibilidade, e que teña como principal obxectivo na calidade de vida das veciñas e veciños que viven e se moven pola estrada PO-551.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. É consciente a Xunta de Galiza, do estado no que se atopa a estrada PO-551 ao seu paso polo Concello de Moaña?

. Considérase positivo a humanización, arranxo e melloras na accesibilidade da estrada PO-551?

. Que accións tomará a Xunta de Galiza para garantir unha mellora na seguridade na estrada PO-551?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. En que prazos van ser executadas estas melloras?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 21/05/2021 12:23:43

Alexandra Fernández Gómez na data 21/05/2021 12:23:50

Xosé Luis Bará Torres na data 21/05/2021 12:23:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas que debe tomar o goberno galego para garantir unha atención sanitaria de calidade nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán (Val Miñor).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á situación crítica na que se atopaba a sanidade pública galega, con falta de persoal, falta de orzamento e falta de recurso polos recortes que o goberno do PP leva facendo ao longo dos últimos 12 anos, agravouse coa chegada da Covid-19.

A decisión de que os centros de saúde reduciran drasticamente a asistencia presencial, e que a atención se centrara case exclusivamente en consulta telefónica provocou listas de agarda de varias semanas en Atención Primaria, tanto para consulta presencial como telefónica, así como para analíticas. Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desa maneira desprotexendo á poboación con menos recursos.

A falta de recursos e o incremento da actividade relacionada coa pandemia recae no sobre-esfuerzo dun escaso e totalmente saturado persoal, tanto sanitario como de xestión e servizos. Esta situación ocasionou moi graves problemas na prestación da asistencia sanitaria por parte das e dos profesionais e no acceso da poboación á mesma.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación agravouse coa política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin nas vacacións, nin sequera na baixas por enfermidade, que está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial maior para uns profesionais xa sobrecargados pola situación que estamos a vivir.

O Val Miñor ten unha poboación de máis 44.500 persoas, que se incrementou a raíz da pandemia e como consecuencia aumentou o número de persoas usuarias dos centros de saúde do Val Miñor. Unha poboación que na época estival se incrementa dunha maneira considerable, chegando case a duplicarse.

Estas circunstancias fan que os cupos dos profesionais adscritos aos centros de saúde da zona estean saturados. Nesta situación, nos centros de saúde de Baiona e Gondomar hai cadansúa praza de medicina xeral coas persoas titulares en baixa prolongada, máis de un ano, sen cubrir ou con substitucións en pequenos períodos sen continuidade e con profesionais distintos cada vez ou ben sendo atendidos polo resto do persoal do centro, agravando así a sobrecarga asistencial que xa padecen e xerando desconcerto e malestar nas persoas adscritas a eses profesionais e un deterioro da prestación sanitaria. A cadro de persoal destes centros de saúde son dende hai tempo moi escasos para poder prestar unha óptima prestación sanitaria ao conxunto da poboación a que atende.

O Centro de Saúde de Gondomar dispón dunha única praza de pediatría en horario de mañá o que significa manter unha situación de cupo excesivo que no seu día xa obrigou a derivar a familias de novas crianzas a consultas de pediatría noutros concellos e moitas familias teñen que desprazarse fora de Gondomar para acudir a consultas en horario de tarde e así poder conciliar a vida laboral e familiar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Centro de Saúde do Val Miñor presta servizo aos tres concellos da zona (Baiona, Gondomar e Nigrán) e sofre os problemas comúns a todos os centros de sobrecarga e listas de agarda en atención primaria, especialmente nas especialidades de radioloxía, fisioterapia e saúde mental onde as esperas nalgún caso supera o ano.

No caso específico de saúde mental as listas de agarda para unha primeira cita supera os doce meses e para as consultas seguintes superan os 7 meses. Na situación actual, na que os profesionais advirten das repercusións que a pandemia vai ter na saúde mental da poboación.

A pandemia deixa en evidencia que se antes da COVID os servizos de saúde mental eran raquíuticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

Todos estes datos evidencian a necesidade de reforzar e mellorar a atención sanitaria no Val Miñor para garantir unha atención adecuada para a poboación dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Coida a Xunta de Galiza que a veciñanza do Val Miñor están recibindo unha atención sanitaria digna con demoras de semanas para que lles concedan cita?

. Que accións vai realizar a Xunta para reactivar a atención sanitaria presencial nos centros de saúde de Baiona, Gondomar, Nigrán e Val Miñor e considerar a atención telefónica como un servizo complementario da atención presencial e non como o servizo principal e prioritario, e así dar resposta ás demandas de atención pola COVID





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de agarda; tomando todas as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación?

. Vai cubrir coa máxima urxencia as praza de medicina xeral dos centros de saúde de Baiona e Gondomar que fican sen cobertura por mor da baixa médica dos seus ocupantes; así como cubrir, nos catro centros de saúde do Val Miñor, todas as ausencias por permisos, vacacións o baixas médicas con contratos estábeis durante a totalidade do tempo das mesmas, para poder prestar unha atención sanitaria digna?

. Vai dotar ao Centro de Saúde de Gondomar dunha nova praza de atención pediátrica en horario de tarde para permitir o acceso a esta especialidade a todas as familias do concello e así contribuír á conciliación laboral e familiar.

. Pensa o goberno galego dotar ao Centro de Saúde Val Miñor dos profesionais necesarios para desconxestionar e reducir a lista de agarda nos servizos de fisioterapia, radioloxía e saúde mental.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 21/05/2021 13:52:46

María Montserrat Prado Cores na data 21/05/2021 13:52:54

Iria Carreira Pazos na data 21/05/2021 13:53:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o incremento do cadro de persoal das oficinas fiscais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A normativa actual outorga á institución do Ministerio Fiscal promover a acción da xustiza na defensa da legalidade e dos dereitos da cidadanía e do interese público tutelado pola lei, así como, a cada día máis complicada misión, de velar pola independencia dos tribunais e procurar ante estes a satisfacción do interese social. A importancia das atribucións que o ordenamento do Estado lle confire e que, segundo os anuncios e propostas legislativas en tramitación, se van concretar nun incremento progresivo das súas funcións e atribucións, non son parellas aos medios dos que se está a dotar á oficina fiscal.

A pesares do incremento da carga de traballo, na última década o número de fiscais destinados en Galiza apenas sufriu variacións significativas, incrementándose unicamente o cadro de persoal en dous fiscais, para as áreas de Vigo e Lugo.

Igualmente o persoal funcionario integrado nas oficinas fiscais de Galiza tampouco experimentou incrementos significativos continuando moi lonxe da ratios recomendadas tanto pola Fiscalía Xeral do Estado como pola propia Fiscalía Superior de Galiza.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na memoria da Fiscalía Xeral do Estado correspondente ao ano 2018 se fai constar que

“Unha das cuestións máis unanimemente prantexadas nas comisións é a referida á precariedade de medios persoais no que ás Administracións compete. Alégase a insuficiencia de cadro de persoal, tanto de persoal das oficinas como de fiscais. En canto á ratio de funcionarios por fiscal, a realidade é tan sangrante que ven reivindicando se logre contar co apoio dun funcionario para cada fiscal, non chegando na media nacional a superar o 0,8%”

Seguindo a liña das anteriores, na última memoria da Fiscalía de Galiza indícase que a relación entre funcionarios por cada un dos fiscais segue a estar “aínda lonxe da NECESARIA ratio de 1 funcionario/1 fiscal” (126 funcionarios por cada un dos 147 fiscais titulares). Existindo oficinas fiscais, como as de Ourense e Ferrol, nas que a ratio apenas chega ao 42 e 64% da que se estima necesaria para un correcto funcionamento da oficina fiscal.

As consecuencias do exposto son facilmente imaxinábeis, un incremento da pendencia en p.e. expedientes penais un 25% superior á que existía hai 5 anos, e que en boa lóxica será maior en sucesivos exercicios de que non poñer remedio a tal situación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

- . Considera o goberno galego axeitada a ratio dun funcionario ou funcionaria de xestión ou tramitación por cada fiscal/a para o correcto funcionamento da oficina fiscal?
- . Entende abonda o cadro de persoal nas oficinas fiscais de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que accións ou xestións realizou a Xunta de Galiza para o incremento do cadro de persoal nas oficinas fiscais de Galiza?

. En que medida a asunción polo Ministerio Fiscal da xestión e dirección da instrución dos procedementos penais exixiría un incremento do cadro de persoal existente? Incrementaría a ratio dunha funcionaria/fiscal que actualmente a FXE e a FSG considera necesaria?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/05/2021 10:33:24

Iria Carreira Pazos na data 24/05/2021 10:33:34

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2021 10:33:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as inspeccións realizadas en materia de servizos sociais a centros de maiores e o seu resultado e consecuencias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galiza establece no seu título VIII os mecanismos de control e de garantía pública do sistema galego de servizos sociais, regulando no seu capítulo II os servizos de inspección que corresponden á Xunta de Galiza. O referido servizo ten a función de verificar o estrito cumprimento da normativa aplicable nesta materia, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se lles preste no territorio de Galiza á cidadanía .

Asemade atribúese ao servizo de inspección da Xunta de Galiza competencias na emisión de informes sobre o destino e a adecuada utilización das subvencións e axudas públicas percibidas en materia de servizos sociais, así como sobre calquera outra axuda económica articulada a través de convenios, contratos ou outras figuras establecidas na normativa vixente. Prevéndose, no caso da comisión de infraccións graves ou moi graves, a posibilidade de impoñer, xunto coa sanción pecuniaria correspondente, a prohibición de acceder ao financiamento público da Xunta de Galiza





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

durante un período de entre un e cinco anos, no caso da comisión de infraccións graves ou moi graves.

Así xa no 2019 marcábase como obxectivo específico do Plan de Inspección de servizos sociais de Galiza:

“Velar polo axeita do emprego das axudas e subvencións concedidas, e polo cumprimento das cláusulas contractuais e dos convenios asinados pola Consellaría de Política Social nesta área”

A pesares do exposto a realidade amosa que a organización e os recursos humanos e materiais que a Xunta de Galiza destina á inspección de servizos sociais impide o cumprimento do disposto na normativa vixente. A escaseza de persoal no servizo de inspección, a ubicación, o horario laboral ou a lentitude na tramitación do resultado da acción inspectora, cuxas apreciacións non é infrecuente sexan obviadas pola Xunta de Galiza, provocan que non se estean a garantir os dereitos básicos dos internos e internas en residencias. Tampouco parece que o control do destino e aplicación das achegas públicas en ningún momento fora preocupación do Goberno Galego, sen que conste a existencia da máis mínima vontade de fiscalizar o grao de cumprimento dos contratos e convenios asinados pola propia Xunta de Galiza.

En suma, dende o Goberno Galego se está a evidenciar unha absoluta pasividade – de facto, permisividade - coas irregularidades e ilegalidades na atención aos maiores, pois a pesares do esforzo e compromiso das traballadoras e traballadores públicos, non existe un control permanente das condicións en que residen os nosos maiores e que permita a seguridade de que a todas as horas do día e todos os días da semana disfrutan dos debidos coidados e atencións (tampouco dos dereitos sociais e laborais das propias traballadoras das residencias e servizos sociais). Aínda nos supostos nos que fica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comprobado a existencia de irregularidades -mesmo cando puideran ser constitutivas de infraccións graves ou moi graves- a sanción é inexistente, ou nos casos en que se produce de reducida contía, sen que as infraccións poda impedir unha nova concesión de contratos públicos de elevada contía.

O resultado é que dende a Xunta de Galiza se está a xeneralizar unha sensación de impunidade nas entidades infractoras ás que lles resulta economicamente máis rendíbel o incumprimento, que no mellor dos casos pode pasar por non observar as ratios de persoal, non subministrar a alimentación indicada ou manter unha temperatura comfortable nas residencias; pois no improbable caso de que a infracción sexa detectada non vai implicar sanción ou será está de escasa contía. Alén de que, en ningún caso, implicará a imposibilidade de seguir desenvolvendo a actividade, mesmo recibindo unha importante cantidade de fondos públicos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Cal é o número de inspeccións realizadas pola inspección de servizos sociais da Xunta de Galiza nos anos 2017,2018, 2019, 2020 e 2021 en centros residenciais concertados e/ou concesionados? Cal foi o resultado das inspeccións efectuadas, cantos expedientes sancionadores se incoaron e cal foi o resultado dos mesmos?

. Cal foi a data, en cada caso, da acta da inspección, do acordo de incoación de procedemento sancionador e, no seu caso, a data de resolución do mesmo?

. Cantas inspeccións se realizaron nos anos 2017,2018, 2019, 2020 e 2021 en centros residenciais concertados e/ou concesionados co fin de comprobar a correcta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestión e aplicación de fondos públicos? Cal foi o resultado das inspeccións, no seu caso realizadas, e as consecuencias das infraccións detectadas?

. Nomeadamente, apreciouse nalgún centro concertado a aplicación de medidas de suxeición mecánicas sen prescrición médica e consentimento da persoa interesada? En caso afirmativo, deuse conta ao Ministerio Fiscal? No seu caso, tiveron tal accións consecuencias nos concertos ou contratos administrativos? Segue a ser esas entidades contratistas da Xunta de Galiza?

. Concertouse posteriormente algún contrato de reserva e ocupación de prazas en centros residenciais con empresas ou sociedades respecto das que se levantara acta da inspección de servizos sociais por infraccións graves ou moi graves?

. Cantas das inspeccións indicadas anteriormente se realizaron en horario nocturno ou en fins de semana e festivos, a que centros e cal foi o resultado das mesmas?

. Cantas inspección se realizaron nos últimos cinco anos e con que resultado e consecuencias, ás empresas privadas que xestionan o SAF en Galiza consonte aos sucesivos Plans de Inspección e servizos sociais de Galiza?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2021

